

**MEMORIA ACTIVIDADES
ANO 2015**

A Asociación Puzzle para a loita contra a exclusión social e laboral das persoas con discapacidade, constitúese coma tal en Allariz a 20 de Decembro de 2007.

Dita asociación créase sen ánimo de lucro.

Puzzle ten personalidade xurídica propia, independentemente dos seus membros gozando de plena capacidade para ser obxecto de dereitos e obrigas, nos termos previstos polos Estatutos e as Leis.

A asociación en función dos seus fins exerce fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

O fin último da asociación é a loita contra a exclusión a nivel social e laboral que sofren as persoas con discapacidade; tamén a mellora da calidade de vida destas persoas e dos seus familiares.

Considera coma valor fundamental a promoción de autocontrol e autovalemento destas persoas.

Tódalas actuacións que se pretenden levar a cabo pola asociación responden aos seguintes obxectivos:

1. Defender a dignidade e os dereitos das persoas con discapacidade.
2. Apoiar ás familias para acadar melloras nas condicións de vida destas persoas.
3. Promover a integración laboral e social das persoas con discapacidade.
4. Crear as condicións para que se poida cumprir adecuadamente esta misión.
5. Promover actitudes sociais positivas cara as persoas con discapacidade.
6. Promover lexislación adecuada que mellore a situación deste colectivo.
7. Orientar, coordinar e impulsar o movemento asociativo con criterios de solidariedade.
8. Desenvolver estratexias solidarias de cara a acadar equilibrio na calidade e os servizos.
9. Calquera outro cousa que, de modo directo ou indirecto, pida contribuír ao cumprimento da misión do movemento asociativo que refunde en beneficio das persoas con discapacidade e as súas familias.

ACTIVIDADES REALIZADAS NO 2015

-Obradoiro de habilidades sociais: orientado á adquisición e mantemento de habilidades que propicien un axeitado axuste persoal e social, así como a mellora e reforzo das habilidades previas. Traballáronse habilidades relacionadas coa autonomía persoal, favorecendo a adquisición e mantemento de habilidades básicas e avanzadas para a realización das Actividades Básicas da Vida diaria, pero tamén se incidiu nas habilidades sociais necesarias para unha axeitada interacción social e participación na vida comunitaria. Para isto realizábanse saídas a supermercados, museos, cafés...

-Obradoiro de actividades manuais: Con estas actividades favorecemos unha acción lúdica ó tempo que se traballa a psicomotricidade fina e as habilidades creativas. Realizamos diferentes obxectos de bisutería ou decoración.

-Obradoiro de novas tecnoloxías e programa de radio. Esta actividade organizase partindo da base de que a informática é unha ferramenta útil e necesaria na sociedade actual, tanto no ámbito persoal como laboral. Aproveitamos o obradoiro de informática para buscar as cancións do programa de radio que realizamos con periodicidade semanal. Trátase dun programa de carácter musical no que os usuarios se encargan de escoller as cancións e atender as peticións dos oíntes.

Con esta actividade preténdese que os usuarios de Puzzle teñan unha presenza activa na vida da comunidade ao tempo que reforza a súa autoestima.

- **Curso de natación:** O deporte é fundamental nunha vida saudable por eso os usuarios acudiron á piscina municipal un día á semana durante todo o ano. Alí recibiron formación por parte de monitores especializados.

- **Saídas culturais, coñecemento do entorno e actividades medioambientais.** O obxectivo principal é a participación activa das persoas con discapacidade nos eventos sociais e culturais da zona e a posta en valor dos recursos naturais existentes na Reserva da Biosfera á que pertence o concello de Allariz. Así acudimos a varios museos da vila (Museo do Xoguete, museo da Moda, museo do Coiro..) e a diversas feiras e eventos (feira de artesanía Arte na Man, feira de Outono, feira de Nadal...)

Con respecto as actividades medioambientais, realizáronse charlas sobre o medioambiente, a reciclaxe, a xardinería; participouse na recollida selectiva de papel e cartón na vila.

- **Actividades complementarias**: De maneira puntual realízanse actividades tales coma: xogos de mesa, audicións, proxección de películas....